

BOLETÍN DE IGUALDADE



O Boletín de Igualdade é unha publicación mensual dixital en acceso libre da Unidade de Igualdade da Universidade de Vigo.

Cada número recolle información de interese sobre actividades formativas, convocatorias, congresos e seminarios, novas e recursos sobre igualdade de xénero.

Se queres achegar información, envía as tuas suxestións, por correo-e antes do día 28 de cada mes.

UNIDADE DE IGUALDADE

Edificio Ernestina Otero 1º andar

Campus universitario

Vigo-36310

igualdade@uvigo.gal

986 813 419

Unidade de Igualdade

Universidade de Vigo

CONTIDO

AXENDA.....	4
FORMACIÓN	4
CONGRESOS E SEMINARIOS.....	5
CONVOCATORIAS	6
SUXESTIÓNS	7
RECURSOS	10
NOVAS DO DUVI.....	13
NOVAS.....	14
ESTUDOS DE XÉNERO E IGUALDADE	16
FERRAMENTAS DE IGUALDADE.....	21

XUÑO

	Luns	Martes	Mércores	Xoves	Venres	Sábado	Domingo
22	29	30	31	1	2	3	4
23	5	6	7	8	9	10	11
24	12	13	14	15	16	17	18
25	19	20	21 <small>Día Internacional pola Educación Non Sexista</small>	22	23 <small>Día Internacional das Mulleres na Enxeñaría</small>	24	25
26	26	27	28 <small>Día Internacional do Orgullo LGTBQI+</small>	29	30	1	2

AXENDA



1 e 2 de xuño: XVI Encontro das Unidades de Igualdade-RUIGEU 2023 [+Info](#)

Organizado pola Universidad de Valladolid.

9 de xuño: VIII Xornada Universitaria Galega en Xénero «Epistemoloxías feministas en acción» [+Info](#)

Este encontro está organizado, conxuntamente, polos Servizos de igualdade das tres universidades galegas.

Esta edición terá lugar o 9 de xuño no Edificio Redeiras (Vigo). Podes consultar o programa completo [aquí](#).

A partir das 9:30 h haberá tres relatorios: «**A perspectiva de xénero na docencia universitaria**» de María Jose Rodríguez Jaume, «**A perspectiva de xénero na investigación e transferencia universitaria**» de Marta Macho Stadler e «**As violencias machistas nas universidades**» de Magdalena Suárez Ojeda.

Pola tarde, haberá 3 mesas para a reflexión sobre a perspectiva de xénero na investigación e na docencia universitaria e a violencia contra as mulleres.

29 de xuño: «Enxeñaría x Mulleres». Actividade para conmemorar o Día Internacional da Muller na Enxeñaría.

Nas instalacións do centroatlanTTic entre as 11.30 e as 14:00 h. Actividade do programa de Axudas de sensibilización en materia de xénero da Unidade de Igualdade.

FORMACIÓN

Xornada perspectivas contemporáneas da violencia sexual organizada pola Sociedade Galega De Sexoloxía [+Info](#)

2 de xuño no Centro cultural Marcos Valcárcel (Ourense) en modalidade presencial e telemática e 9 de xuño en Nigrán.



Festival de aceptación corporal e autoamor radical «Y se armó la gorda» [+Info](#)

3 e 4 de xuño en Vigo.

Curso virtual «Ecofeminismo» organizado por Ecologistas en acción e Pandora Mirabilia [+Info](#)

Inscripcións ata o 3 de xuño. O curso desenvolverase do 5 de xuño ao 10 de xullo.

Xornada Igualdade, diversidade e violencia no traballo: actualidade e futuro. [+Info](#)

O 13 de xuño na Coruña. Organiza a Xunta de Galicia.

Desarmando la masculinidad: implicación de los hombres en los cuidados como estrategia de prevención de violencias [+Info](#)

Do 5 ao 7 de xullo como parte do programa de cursos de verán da Universidade Complutense de Madrid.

XVIII Novas Fronteiras na Igualdade de Oportunidades 2.0: violencias, machosfera, consentimento, coeducación [+Info](#)

Do 11 ao 14 de xullo dentro do programa de Cursos de Verán da USC.

Feminismos en movemento: retos de futuro. Actividade dentro do Foro: «Pensar o mundo dende Galicia» do Consello da Cultura Galega. Coordina Carme Adán [+Info](#)

O día 13 de xullo.

Xornadas Internacionais EDIGA: Xénero, Entornos Dixitais e Adolescencia [+Info](#)

O 13 e 14 de xullo na Facultade de Ciencias da Educación da Universidad de Santiago de Compostela.

Curso «Sólo sí es sí» do programa de cursos de verán da Universidade Complutense de Madrid [+Info](#)

Do 19 ao 21 de xullo.

CONGRESOS E SEMINARIO

II Jornadas DAR: Democracia, Algoritmos y Resistencias: Construyamos una Inteligencia Artificial democrática, feminista y decolonial [+Info](#)

O 1 e o 2 de xuño en formato presencial (Madrid) e en liña.

III Ciclo de Seminarios Conversatorios sobre Masculinidades, Género e Igualdad [+Info](#)

De xaneiro a xuño de 2023. Organiza o Observatorio de las Masculinidades da Universidade Miguel Hernández. Unha sesión por mes

Congreso Internacional sobre Medios, Género y Sexualidades: Representaciones, Alfabetizaciones y Audiencias : Convocatoria de propuestas [+Info](#)

Do 6 ao 10 de xuño de 2023. Inscripción anticipada do 1 de marzo ao 15 de abril con desconto.

III Congreso Internacional de Género y Educación. Universidad de Valladolid [+Info](#)

O 5, 6 e 7 de xullo de 2023 en Soria. Presencial e en liña.

III Congreso Internacional de Género y Educación. Escuela, Educación no formal, Familia y Deporte [+Info](#)

Do 5 ao 7 de xullo de 2023 en Soria. Neste evento no que se combinarán actividades en varios formatos: conferencias plenarias maxistras, obradoiros, comunicacións procedentes de investigacións e experiencias e outras actividades.

Xornadas Internacionais EDIGA: «Xénero, entornos dixitais e adolescencia» [+Info](#)

13 e 14 de xullo. Universidade de Santiago de Compostela. Inscripcións abertas.

CONVOCATORIAS

Premio da Sociedad Italiana de Historiadores (SIS) para teses doutorais [+Info](#)

Convocatoria aberta ata o 31 de xullo.



I Premio de periodismo feminista Lucía Martínez Odriozola. Convocado por Pikara Magazine y la Asociación de Mujeres Periodistas de Pikara Magazine [+Info](#)

Ata o 31 de xullo.

Recepción de artigos para a 1ª Sesión do Grupo Permanente de Xénero e Política da Universidade de Deusto [+Info](#)

As propostas poden ser enviadas ata o 15 de xuño.

Edición 2024 de los L'Oréal – UNESCO For Women in Science International Awards [+Info](#)

Está aberto o prazo para presentar candidaturas ata o 28 de xuño.

Monográfico "Corporalidades: diálogos en torno a sujeto y género". Clepsydra: Revista Internacional de estudios de género y teoría feminista [+Info](#)

Recepción de orixinais ata o 1 de setembro de 2023.



Alicia Herrera

V Premio Alicia Herrera artigos jurídicos mujer y derecho [+Info](#)

Prazo de presentación até o 14 de setembro de 2023.

Número especial da revista Papeles del CEIC. Por que a socioloxía cuantitativa debe saír dos armarios? [+Info](#)

Aberta a recepción de artigos ata o 30 de setembro de 2023.

VIII Edición do Concurso de Fotografía e IV Edición do Concurso de Video Xenerosidade «Yo decido». Fundación Cermi Mulleres. [+Info](#)

O prazo de presentación de obras finaliza o 30 de setembro de 2023.

VIII Congreso Economía Feminista [+Info](#)

Presentación de propostas ata o 30 de novembro.

Científicas e innovadoras [+Info](#)

A Unidade de Mujeres y Ciencia do Ministerio de Ciencia quere ampliar a plataforma na que se recollen os perfís de científicas e innovadoras que teñan recibido premios e distincións en I+D+i. Os datos poden enviarse a umyc@ciencia.gob.es

SUXESTIÓNS

En 1987 as participantes da Rede Mundial de Mulleres polos Dereitos Reprodutivos acordaron declarar o 28 de maio como o **Día Internacional da Acción para a Saúde das Mulleres**. Naquel ano, unha das primeiras campañas foi dirixida a previr a mortalidade nos partos. Ademais tamén se puxo de manifesto que existían grandes baleiros en canto á investigación sobre a saúde dos corpos femininos. 36 anos despois, conseguimos moitos avances, máis aínda queda moito camiño por diante. Nestas suxestións queremos recomendar distintas lecturas que nos axudan a entender a actualidade da saúde no referente ás mulleres.

A investigación

No artigo "[Scientists with multiple NIH grants are overwhelmingly male and white](#)" expónse que cada vez máis subvencións dos Institutos Nacionais de Saúde (NIH) dos Estados Unidos están a concentrarse en mans dun pequeno grupo de «súper investigadores», unha tendencia que podería dificultar os esforzos para aumentar a diversidade da investigación biomédica. Este grupo de investigadores, que posúen tres ou máis subvencións para proxectos, **son en maioría homes brancos** (12 mulleres negras eran super-PI, en comparación con 1.839 homes brancos).

En España, as investigadoras Aldara Cidrás e Laura Camino Plaza (2021) concluíron que, pese a que as mulleres conforman o principal expoñente do talento egresado, perden representividade cando comezan a avanzar na súa carreira investigadora, conformando o que entendemos como gráfico tesoura.

A financiación

Non só encontramos discriminación nos equipos senón que outros estudos reclaman os nesgos ao momento de financiar a investigación nas enfermidades que afectan principalmente ás mulleres. En “[Women’s health research lacks funding – these charts show how](#)” revélase que, por exemplo, enfermidades como a **enxaqueca, as dores de cabeza, a endometriose e os trastornos de ansiedade que afectan de forma significativa ás mulleres, atraen moito menos financiamento** en proporción á carga que exercen sobre a poboación estadounidense que outras condicións. Este patrón de subfinanciamento tamén se evidencia noutras partes do mundo, como Canadá e Reino Unido.



O impacto da pandemia nas traballadoras

A asociación [Women in Global Health](#) publicou o pasado marzo un informe titulado «La situación de la mujer y el liderazgo» no que se amosan uns datos moi claros sobre a situación da saúde.

«As mulleres ocupan ao redor do 70 % dos postos de traballo sanitarios en todo o mundo, máis do 80 % das funcións de enfermaría e máis do 90 % das parteiras. Ademais prestan a maior parte dos coidados non remunerados e o traballo doméstico en familias e comunidades, e toman a maioría de decisións de compra e uso dos produtos sanitarios. Desta maneira, as mulleres

dirixen a prestación de servizos sanitarios a 5 000 millóns de persoas e aportan uns 3 billóns de dólares anuais á sanidade mundial, a metade en forma de traballo non remunerado» (WGH, 2023)

Ademais neste informe tamén se pon o foco en como o impacto da pandemia da covid-19 afectou ás traballadoras da saúde en canto ao seu liderado. Os avances conseguidos para que as mulleres ocuparan postos de toma de decisión e liderado freáronse desde a pandemia. En 2020, por exemplo, o consello executivo da OMS alcanzou un récord de 32 % de mulleres, pero despois caeu ao 6 % en 2022. Alén disto, durante a pandemia, as mulleres foron sistematicamente excluídas dos grupos de traballo sobre a covid-19, e as políticas de bloqueo non sempre consideraron a maternidade segura e os servizos de saúde sexual e reprodutiva como coidados esenciais. O acceso seguro o aborto tamén se viu reducido para moitas mulleres.

Recomendacións literarias



No eido da literatura publicouse o pasado marzo o libro *La historia de los vertebrados*. Nel a autora reflexiona, dende unha mirada feminista e moi persoal, sobre a experiencia da maternidade e o desbordamento que xera esta gran responsabilidade (o anverso do gran poder, que supón crear «vida») nas estreitas marxes dunha tradición patriarcal que cualifica de patolóxico todo o que non encaixa no molde mítico do «anxo do fogar». A través dun percorrido xenealóxico sobre a historia do tratamento da loucura nas mulleres, en relación coa súa experiencia íntima do feito de ser nai, o libro resulta unha chamada á reflexión sociopolítica sobre a maternidade dende parámetros feministas.




Outra reflexión sobre a maternidade, neste caso unha maternidade non desexada e os estigmas ocorre no libro *El acontecimiento* (2019) da autora Premio Nóbel de 2022, Annie Ernaux. Nel, a autora preséntanos a unha Annie, estudante de filosofía na Francia dos anos 60, que descobre que está embarazada. Desde o primeiro momento é consciente de que non quere seguir adiante co embarazo e debe enfrontarse a unha carreira contra reloxo por conseguir saltar as barreiras, os estigmas, o desamparo e as violencias que a sociedade da época impuña ás mulleres que querían abortar.

Por outra banda, e desde unha óptica divulgativa, non podemos deixar de recomendar a lectura do libro *Mujeres invisibles para la medicina. Desvelando nuestra salud* (2020) da recoñecida autora e médica Carme Valls Llobet.

Neste ensaio recóllense os máis de 20 anos de experiencia da autora na medicina con mirada de xénero e feminista. Non podemos resumir as case 500 páxinas deste libro, máis queremos destacar a profunda aproximación á saúde mental e a sobremedización do sufrimento feminino. Nunha entrevista para o Diario Público a autora dicía:

"Para calquera queixa as mulleres trátasen con ansiolíticos sen procurar os motivos que se esconden tras esa medicalización. Porque si, un antidepressivo pode funcionar pero hai que faer cambios na vida e o traballo, acabar coas brechas de xénero, cos chans pegañentos, coa precariedade e deixar de considerarnos como seres nerviosos e, por natureza, tolas» (Gómez, 2020)



Referencias bibliográficas

Cidrás, A., & Camino Plaza, L. (2021). «Cuestión de género: La discriminación de las investigadoras en España». *Cadernos de Pesquisa*, 51, Artículo e07641. <https://doi.org/10.1590/198053147641>

García Pug, Mar. *La historia de los vertebrados*. Literatura Random House, 2023.

Gómez, Lula. «Diario Público.» 07 de Novembro de 2020. bit.ly/3oym36n (último acceso: 25 de maio de 2023).

Ernaux, Annie. *El acontecimiento*. Barcelona: Tusquets Editores, 2019.

Nordling, Linda. «Scientists with multiple NIH grants are overwhelmingly male and white.» *Nature*, 2023.

Schreiber, Melody. «Women were already unequal in the world of global health. The pandemic made it worse.» NPR. 24 de Marzo de 2023. bit.ly/42etnlo (último acceso: 25 de maio de 2023).

Smith, Kerri. «Women’s health research lacks funding – these charts show how.» *Nature*, 2023.

Valls Llobet, Carme. *Mujeres invisibles para la medicina*. Capitan Swing, 2020.

Women in Global Health. «La situación de la mujer y el liderazgo en la sanidad global.» Informe sobre política, 2023. <https://womeningh.org/sheshapes/>

RECURSOS

Documental Manipulación: Sexo, cámara, poder (Nina Menkes, 2022)

Impacto do COVID-19 na igualdade de xénero na investigación e innovación (EN) [+Info](#)

Violencia institucional contra las madres y la infancia. Aplicación del falso síndrome de alienación parental en España [+Info](#)

Catálogo de referencia de políticas y servicios en materia de violencia contra las mujeres conforme a los estándares internacionales de derechos humanos [+Info](#)

Abordar a igualdade de xénero na investigación e a innovación (EN) [+Info](#)

Os científicos con varias subvencións dos NIH (Institutos Nacionais de saúde) son na súa maioría homes e brancos (EN) [+Info](#)

Guía Sexualidades en clave cultural [+Info](#)

Revista de Género e Igualdad iQual, nº 6, febreiro 2023 [+Info](#)

Comprender a violación na Unión Europea: a necesidade esencial da recollida de datos administrativos (EN) [+Info](#)

Revista IgUALdad, nº 22, abril 2023 [+Info](#)

Gravacións da xornada final de difusión: **Promoción e implementación da dimensión de sexo e xénero na investigación do proxecto europeo GENDER-NET Plus- Promoting gender equality in H2020 and the ERA (EN) [+Info](#)**

Sesión 1: Mellorar a atención as persoas en situación de vulnerabilidade

Sesión 2: Creación de políticas contra a violencia de xénero

Sesión 3: Desentrañar a dimensión sexo/xénero da saúde/medicina

Sesión 4: Abordar os roles de xénero

A necesidade de acabar coa ciberviolencia- Entrevista á experta Eleonora Esposito. Episodio do podcast *WAVE - Women against Violence Europe* (EN) [+Info](#)

Gravación de «**Cóntancho as matemáticas: Emmy Noether y Olga Pérez**» [+Info](#)

Proxecto educativo, deseñado desde MaReMa, o grupo de innovación docente Materiais e Recursos en Matemáticas da Universidade de Vigo, co obxectivo de estimular as vocacións matemáticas entre o estudiantado de Educación Primaria y primeiros cursos de Educación Secundaria.

As mulleres xa eran desiguais no mundo da saúde global. A pandemia agravouno (EN) [+Info](#)

Informe «Voces científicas en femenino. La mujer y la niña en la ciencia española, europea y global.» 2023 [+Info](#)

Emprendemento verde das mulleres e emprendemento das mulleres no ámbito rural. Informe 2023 [+Info](#)

Grabación da Xornada «As mulleres no emprendemento verde e rural» do Ministerio Transición Ecolóxica e Reto Demográfico [+Info](#)

Igualdade en Cifras MEFP [+Info](#)

Informe «Diversidade e STEM: mulleres, minorías e persoas con discapacidade» 2023 (EN) [+Info](#)

Porfolio completo das Guerrilla girls 1985-2021 (EN) [+Info](#)

Un portafolio de 124 carteis, 2 boletíns, 9 vídeos e 6 libros creados por Guerrilla Girls entre 1985 e 2021 e firmados por membras fundadoras.

Rompendo o nesgo: como lograr a Equidade de xénero na conservación (EN) [+Info](#)

Queer noutros lugares do mundo - Imaxinarios do sur de Asia. Journal *Feminist Review*. Núm. 1 Vol. 133, 2023 (EN) [+Info](#)

Igualdade e análise con perspectiva de xénero no ámbito da enxeñería [+Info](#)

Liderado feminino para unha Administración pública innovadora [+Info](#)

Guía de programas de mentorado en ciencia, tecnoloxía e innovación: descrición e análise desde un enfoque de xénero [+Info](#)

Segundo informe de seguimento do III Plan de igualdade entre mulleres e homes da Universidade de Vigo 2022 [+Info](#)

Informe «Derechos Humanos de las Mujeres y Niñas con Discapacidad» 2022 [+Info](#)

Informe «Científicas en Cifras 2023» [+Info](#)

Publicado polo Ministerio de Ciencia e Innovación

Gravacións do Encontro Internacional Feminista-EIF «We call it feminism. Feminismo para un mundo mejor» organizado polo Ministerio de Igualdade [+Info](#)

Proxecto Intelixencia Artificial para Mulleres: Identificación de comentarios sexistas en las redes sociais mediante técnicas de IA [+Info](#)

O proxecto Intelixencia Artificial para Mulleres, financiado pola Cátedra de Feminismo 4.0 da Deputación de Pontevedra, está centrado na detección de comentarios machistas en redes sociais empregando intelixencia artificial. Nel participan atlantTic, DATASALUS e a Universidade de Vigo. Póster científico [aquí](#).

Actas do II Congreso internacional sobre masculinidades e igualdade [+Info](#)

Guía para la elaboración de planes de igualdade en las empresas [+Info](#)

Datos e campaña da Comisión de Igualdade de la AEET sobre o chan pegañento nas investigadoras e científicas [+Info](#)

Quieres ser unha muller STEAM? [+Info](#)

Videos que recollen testemuños de mulleres STEAM.

Guía de dereitos, recursos e servizos para as mulleres galegas. FEGAMP, 2023 [+Info](#)

Revista Journal of Language and Sexuality. Núm. 1, Vol. 12, 2023 [+Info](#)

Dossier 2023 ¿Qué es la violencia sexual? [+Info](#)

A publicidade de xoguetes en plataformas e redes sociais durante a campaña de nadal 2022-2023 (CAT) [+Info](#)

Unha chamada para crear financiamento para as investigadoras que son nais (EN) [+Info](#)

NOVAS DO DUVI



O Cinbio celebra unha xornada para falar de ciencia en clave de igualdade [+Info](#)
 A Valedora do Pobo e as tres universidades galegas premian os mellores traballos en materia de igualdade e dereitos das mulleres [+Info](#)

Un libro analiza a representación da figura da bruxa no audiovisual do século XXI [+Info](#)

Coa profesora Susana Cendán como editora, é unha adaptación da tese de Rebeca López Villar

O Cinbio volverá a «falar de ciencia en igualdade» [+Info](#)

A Facultade de Dereito, a Escola de Enxeñaría de Telecomunicación e Atlantic xa locen o seu Distintivo de Igualdade [+Info](#)

Alumnado de Traballo Social desenvolve propostas que promoven a perspectiva de xénero e o bo trato fronte o acceso tecnolóxico a contidos sexuais [+Info](#)

O programa Inspira STEAM cumpre un lustro fomentado vocacións e derrubando estereotipos de xénero sobre as profesións científico-tecnolóxicas [+Info](#)

Alumnas do Grao de Linguas Estranxeiras poñen en marcha unha exposición sobre as vangardas femininas [+Info](#)

A representación das nenas e as mozas na cultura actual non sempre é tan moderna como aparenta [+Info](#)

O feminismo inteseccional na intervención social centra unhas xornadas na Facultade de Educación e Traballo Social [+Info](#)

Unha exposición pon en valor a vida e a traxectoria de Juana de Vega [+Info](#)

Unha xornada e un libro para contribuír a previr as (ciber)violencias sexuais [+Info](#)

NOVAS



Cinco escritoras en 60 anos do Día das Letras [+Info](#)

Adoctrinadas por Gilead pero rebeldes [+Info](#)

Una investigadora de la UVigo analiza las representaciones de niñas y adolescentes en el universo de El cuento de la criada

Paralizarse ante una amenaza es normal: la neurociencia, contra los mitos de la violación [+Info](#)

Organizaciones de defensa de la infancia y 'madres protectoras' denuncian la falta de coherencia del Estado en el uso del SAP [+Info](#)

La Valedora y las tres universidades gallegas premian tres voces para la «revolución» de la igualdad [+Info](#)

Paralizarse ante una amenaza es normal: la neurociencia, contra los mitos de la violación [+Info](#)

Una mujer presidirá la conferencia de rectores por segunda vez en sus casi 30 años [+Info](#)

«Segue as túas paixóns» Os consellos apartan as mulleres dos campos STEM, di unha investigación (EN) [+Info](#)

Como afecta a discriminación do cabelo ás mulleres negras no traballo (EN) [+Info](#)

El Parlamento Europeo aprueba la adhesión de la UE al Convenio de Estambul [+Info](#)

Una sentencia pionera reconoce el derecho de una embarazada a elegir entre parto natural o cesárea [+Info](#)

As leis do aborto provocaron decenas de complicacións de saúde, segundo un novo informe (EN) [+Info](#)

Arqueología de la prostitución en Galicia: esto es lo que cuentan las excavaciones en los prostíbulos [+Info](#)

Organizaciones denuncian ante la CEDAW que España no protege a las víctimas de violencia machista migrantes [+Info](#)

Dimite el entrenador del Poio tras una agresión sexista a una portera de un equipo infantil en Villalonga [+Info](#)

A vitoria de E. Jean Carroll contra Trump proporciona unha folla de ruta para outras vítimas (EN) [+Info](#)

Ellos, las bajas remuneradas; ellas, los permisos no retribuidos: el 85% de las excedencias las solicitan mujeres [+Info](#)

El lento avance de las rectoras en España: de no haber ninguna a ser el 25% en 40 años [+Info](#)

Las mujeres participan, pero no lideran: el 30% son cabezas de lista en municipales y menos del 40% los son en autonómicas [+Info](#)

Día Mundial del Cáncer de Ovario: la falta de un indicador precoz y el retraso en la detección provoca que sea uno de los cánceres de más mortalidad [+Info](#)

Las manos que sostienen y acompañan abortos en España [+Info](#)

La mujer que apunta al cielo [+Info](#)

Entrevias a Ana Ulla, primera catedrática de Astrofísica de Vigo.

«Las empresas menos desiguales son más eficientes, no es casualidad» [+Info](#)

La brecha entre hombres y mujeres que cobran paro se disparó en 2022 [+Info](#)

Se reduce el desempleo femenino pero las mujeres aún son el 60 % de las personas paradas [+Info](#)

DATOS

Observatorio de Igualdade da UVigo [+Info](#)

Mulleres en cifras. Mulleres e homes en España [+Info](#)

Publicación realizada polo INE en colaboración co IMIO. Esta publicación periódica difunde indicadores de xénero relevantes en distintos ámbitos.

Científicas en Cifras 2023 [+Info](#)

Boletín Estatístico Mensual da Delegación de Goberno contra a Violencia de Xénero [+Info](#)

Observatorio Igualdade Emprego [+Info](#)

Estudos e informes que visibilizan as fendas de xénero no mercado laboral e no emprendemento.

Centro de Datos para Defensoras e Defensores de Xénero [+Info](#)

Fonte para analizar cuestións de igualdade de xénero en todos os ODS en 129 países.

As mulleres do mundo. Tendencias e estatísticas (EN) [+Info](#)

Mapeo do teito de cristal das rexións europeas [+Info](#)

Institucións sociais e índice de xénero (EN) [+Info](#)

Datos e perfís de países sobre o nivel de discriminación nas leis, normas e prácticas sociais en 180 países nunha ampla diversidade de temas. Hai datos resumidos a nivel mundial e datos por países.

A vida de mulleres e homes en Europa (EN)

Edición interactiva 2022 [+Info](#)

ESTUDOS DE XÉNERO E IGUALDADE

Con motivo da apertura dos prazos de matrícula para o próximo curso incluímos un apartado con información dos graos, mestrados e estudos de doutoramento sobre Estudos de Xénero que hai nas universidades españolas. Agardamos que sexa unha información de interese.

ANDALUCÍA

ESTUDOS DE MESTRADO

- **Mestrado en Ciencias de la Sexología**, Universidad de Almería. Rama: Ciencias da Saúde. Duración: 1 ano. Modalidade: presencial [+Info](#)
- **Mestrado Interuniversitario en Estudios de Género**, Identidad y Ciudadanía, Universidad de Cádiz. Rama: CC Sociais e Xurídicas. Duración: 1 ano. Modalidade: semipresencial [+Info](#)
- **Mestrado Universitario Erasmus Mundus en Estudios de las Mujeres y de Género**, Universidad de Granada. Rama: CC Sociais e Xurídicas. Duración: 1 ano. Modalidade: presencial [+Info](#)
- **Mestrado Universitario en Análise Crítico das Desigualdades de Xénero e Intervención Integral en Violencia de Xénero**, Universidad de Jaén. Rama: CC Sociais e Xurídicas. Duración: 1 ano. Modalidade: presencial [+Info](#)
- **Mestrado Universitario en Género e Igualdad**, Universidad Pablo de Olavide. Rama: CC Sociais e Xurídicas. Duración: 1 ano. Modalidade semipresencial [+Info](#)
- **Mestrado Universitario en Igualdad y Género**, Universidad de Málaga. Rama: CC Sociais e Xurídicas. Duración: 1 ano. Modalidade: semipresencial [+Info](#)
- **Mestrado Universitario en Estudios de Género y Desarrollo Profesional**, Universidad de Sevilla. Rama: CC Sociais e Xurídicas. Duración: 1 ano. Modalidade: presencial [+Info](#)

ARAGÓN

ESTUDOS DE MESTRADO

- Mestrado Universitario en RelaciónS de Género, Universidad de Zaragoza. Rama: CC Sociais e Xurídicas. Duración: 1 ano [+Info](#)

DOUTORAMENTO

- Programa de Doutoramento en Relaciones de Género y Estudios Feministas, Universidad de Zaragoza. Rama: Ciencias Sociais e Xurídicas [+Info](#)

PRINCIPADO DE ASTURIAS

ESTUDOS DE MESTRADO

- Mestrado Universitario en Género y Diversidad, Universidad de Oviedo. Rama: Ciencias Sociais e Xurídicas. Duración: 1 ano. Modalidade: presencial [+Info](#)
- Mestrado Erasmus Mundus en Estudios de las Mujeres y de Género, Universidad de Oviedo. Rama: CC Sociais e Xurídicas. Duración: 2 anos. Modalidade: presencial [+Info](#)

DOUTORAMENTO

- Programa de doutoramento en Género y Diversidad, Universidad de Oviedo. Rama: CC Sociais e Xurídicas. Duración: 3 ou 5 anos. [+Info](#)

ILLES BALEARS

ESTUDOS DE MESTRADO

- Mestrado Universitario en Políticas de Igualdad y Prevención de la Violencia de Género, Universitat de les Illes Balears. Rama: CC Sociais e Xurídicas. Duración: 1 ano. Modalidade: semipresencial [+Info](#)

DOUTORAMENTO

- Programa de doutoramento en Estudios Interdisciplinarios de Género, Universitat de les Illes Balears. Rama: Ciencias Sociais e Xurídicas. Duración: 3 ou 5 anos [+Info](#)

CANARIAS

ESTUDOS DE MESTRADO

- Mestrado Universitario en Estudios de Género y Políticas de Igualdad, Universidad de la Laguna. Rama: CC Sociais e Xurídicas. Duración: 2 anos. Modalidade: presencial [+Info](#)

CASTILLA Y LEÓN

ESTUDOS DE MESTRADO

- **Mestrado Universitario en Estudios Interdisciplinares de Género**, Universidad de Salamanca. Rama: Ciencias Sociais e Xurídicas. Duración: 1 ano. Modalidade: presencial [+Info](#)
- **Mestrado en Estudios Feministas e Intervención para la Igualdad**, Universidad de Valladolid. Rama: Ciencias Sociais e Xurídicas. Duración: 1 ano. Modalidade: en liña [+Info](#)

DOCTORAMENTO

- **Programa de doutoramento en Estudios Interdisciplinares de Género y Políticas de Igualdad**, Universidad de Salamanca. Rama: CC Sociais y Jurídicas. Duración: 3 ou 5 anos. [+Info](#)

CATALUÑA

ESTUDOS DE GRAO

- **Grao en Estudios Socioculturales de Género**, Universitat Autònoma de Barcelona. Rama: Artes e Humanidades. Duración: 4 anos. Modalidade: presencial [+Info](#)

ESTUDOS DE MESTRADO

- **Mestrado en Estudios de Género y Gestión de Políticas de Igualdad**, Universitat de Lleida. Rama: CC Sociais e Xurídicas. Duración: 1 ano. Modalidade: virtual [+Info](#)
- **Mestrado Interuniversitario en Estudios de la Mujer, Género y Ciudadanía**. Universitat de Barcelona, Universitat Autònoma de Barcelona, Universitat de Girona, Universitat de Vic, Universitat Rovira i Virgili, Universitat Pompeu Fabra, Universitat Politècnica de Catalunya, Universitat de Lleida. Rama: CC Soc. e Xcas. Duración: 1 ano. Modalidade: en liña e presencial [+Info](#)
- **Mestrado en Estudios de Género y Gestión de Políticas de Igualdad**, Universitat de Lleida. Rama: CC Sociais e Xurídicas. Duración: 1 ano. Modalidade: virtual [+Info](#)
- **Mestrado en Estudios de Género y Gestión de Políticas de Igualdad**, Universitat de Lleida. Rama: CC Sociais e Xurídicas. Duración: 1 ano. Modalidade: virtual [+Info](#)

DOCTORAMENTO

- **Programa de doutoramento interuniversitario en Estudios de Género: Culturas, Sociedades y Políticas**, Universitat de Barcelona. Rama: Ciencias Sociais e Xurídicas. Duración: 3 ou 5 anos. [+Info](#)

COMUNITAT VALENCIANA

ESTUDOS DE MESTRADO

- **Mestrado Universitario en Derecho y Violencia de Género**, Universitat de València. Rama: CC Sociais e Xurídicas. Duración: 1 ano. Modalidade: semipresencial [+Info](#)

- **Mestrado Universitario en Género y Políticas de Igualdad**, Universitat de València. Rama: CC Soc. e Xcas. Duración 1 ano. Modalidade: presencial e en liña [+Info](#)

TÍTULOS PROPIOS

- **Título de especialista universitario en masculinidades, género e igualdad**, Universidad Miguel Hernández. Duración: 1 ano. Modalidade: en liña [+Info](#)

GALICIA

ESTUDOS DE MESTRADO

- **Mestrado Universitario en Igualdade, Xénero e Educación**, Universidade de Santiago de Compostela. Rama: Ciencias Sociais e Xurídicas. Duración: 1 ano. Modalidade: presencial [+Info](#)

COMUNIDADE DE MADRID

ESTUDOS DE MESTRADO

- **Mestrado Universitario en Estudios de Género**, UNED. Rama: CC Soc. e Xcas. Duración: 1 ano. Modalidade: virtual [+Info](#)
- **Mestrado Universitario en Estudios de Género**, Universidad Complutense de Madrid. Rama: CC Soc. e Xcas. Duración: 1 ano. Modalidade: presencial [+Info](#)
- **Mestrado Universitario en Estudios LGBTIQ+**, Universidad Complutense de Madrid. Rama: CC Soc. e Xcas. Duración: 1 ano. Modalidade: presencial [+Info](#)
- **Mestrado en Estudios Interdisciplinarios de Género**, Universidad Autónoma de Madrid. Rama: CC Soc. e Xcas. Duración: 1 ano. Modalidade: presencial [+Info](#)

DOCTORAMENTO

- **Programa de doutoramento en Estudios Feministas y de Género**, Universidad Complutense de Madrid. Rama: Ciencias Sociais e Xurídicas. Duración: 3 ou 5 anos. [+Info](#)
- **Programa de doutoramento en Estudios Interdisciplinarios de Género**, Universidad Rey Juan Carlos. Rama: Ciencias Sociais e Xurídicas. Duración: 3 ou 5 anos. [+Info](#)
- **Programa de doutoramento en Estudios Interdisciplinarios de Género**, Universidad Autónoma de Madrid. Rama: Ciencias Sociais e Xurídicas. Duración: 3 ou 5 anos. [+Info](#)

REXIÓN DE MURCIA

ESTUDOS DE MESTRADO

- **Mestrado Universitario en Género e Igualdad**, Universidad de Murcia. Rama: Ciencias Sociais e Xurídicas. Duración: 1 ano. Modalidade: presencial [+Info](#)
- **Mestrado Universitario en Salud, Mujer y Cuidados**, Universidad de Murcia. Rama: Ciencias da Saúde. Duración: 1 ano. Modalidade: semipresencial [+Info](#)

-
- Mestrado Universitario en Intervención Interdisciplinar en Violencia de Género. Universidad Internacional de Valencia. Rama: CC Sociais e Xcas. Duración: 1 ano. Modalidade: en liña [+Info](#)

PAÍS VASCO

ESTUDOS DE MESTRADO

- Mestrado Universitario en Intervención en Violencia Contra las Mujeres, Universidad de Deusto. Rama: Ciencias Sociais e Xurídicas. Duración: 1 ano. Modalidade: presencial [+Info](#)
- Mestrado Universitario en Estudios Feministas y de Género, Universidad del País Vasco/Euskal Herriko Unibertsitatea. Rama: Ciencias Sociais e Xurídicas. Duración: 1 ano. Modalidade: presencial e mixta [+Info](#)

TÍTULO PROPIO

- Especialización universitaria en Género, Masculinidades y Acción Social, Universidad del País Vasco/Euskal Herriko Unibertsitatea. Rama: Ciencias Sociais e Xurídicas. Modalidade: en liña [+Info](#)

FERRAMENTAS DE IGUALDADE

Recursos contra as violencias machistas da UVigo [+Info](#)

Programas de voluntariado de acompañamento a mulleres en procesos de violencia de xénero na UVigo

En [Ourense](#) e [Vigo](#).

CIM- Centros de Información ás Mulleres
Servizos municipais de atención psicolóxica, xurídica e social para mulleres. [+Info](#)

- CIM Vigo
Rúa Romil núm. 20
986 293 963
- CIM Ourense
Rúa Ensino núm. 24
988 393 191
- CIM Pontevedra
Praza José Martí, 3º andar
900 119 741 e 986 864 825

Oficinas de atención á vítima (nas tres cidades) [Cita previa](#)

APP Galegas con Recursos: directorio de recursos para mulleres vítimas de violencia de xénero [+Info](#)

Acordo da Conferencia Sectorial de Igualdade relativo á acreditación das situacións de violencia de xénero [+Info](#)

Guía de promoción da investigación sensible ao xénero [+Info](#)

Guía de actuación fronte á violencia machista [+Info](#)

Guía de dereitos das mulleres vítimas de violencia de xénero [+Info](#)

Guía de dereitos para mulleres refuxiadas que poidan estar sufrindo violencia machista [+Info](#)

Lei de mellora da protección das persoas orfas vítimas da violencia de xénero [+Info](#)

Información do Estado sobre a violencia vicaria [+Info](#)

Rede de mulleres veciñais contra os Malos Tratos [+Info](#)

Rúa Oliva, 12. Vigo. Teléfono: 986 222 328.
Atención ás vítimas: 606 929 137.

Grupo de mulleres de Vigo que presta atención, apoio e acompañamento ás mulleres no proceso de separación e de ruptura coas situacións derivadas da violencia de xénero.

Axuda de pago único e indemnización para mulleres vítimas de violencia de xénero. [Ano 2023](#)

Indemnización económica para fillas e fillos menores de 30 anos de vítimas mortais por violencia de xénero, no marco do Pacto de Estado contra a Violencia de Xénero. [Ano 2023](#)

Axudas periódicas para mulleres que sofren violencia de xénero. [Ano 2023](#)

Axudas para a atención integral a persoas en situación de explotación sexual ou vítimas de trata. [Ano 2023](#)

Unha Unión da igualdade: Estratexia para a Igualdade de Xénero 2020-2025 [+Info](#)

Normativa estatal en vigor en materia de igualdade de xénero [+Info](#)

Normativa autonómica en vigor en materia de igualdade de xénero [+Info](#)